

## Igrexa de Sacos (parroquial de Santa María)

Patrimonio Cultural do  
Concello de Cotobade

## Descrición

A igrexa é románica dunha nave e ábsida rectangular percibíndose, polo menos, dous momentos de actuación, un na cabeceira que debeu de sela capela ou igrexa orixinal e un corpo tamén románico máis alto, que fai de nave principal. A fachada principal aínda conserva o acceso con arquivoltas e motivos románicos e contrafortes nas fachadas laterais.

No interior, capiteis vexetais. Todos os vans abertos á nave así como as portas (unha en cada muro), rematadas en arco semicircular simple. Ábsida cuberta con bóveda de canón apuntado, dividido en dous tramos por arco faixón. Arco triunfal apuntado, dobrado e peraltado, soportado por columnas e capiteis vexetais.



## Adscrición cultural

Medieval

Tipoloxía

Igrexa

## LOCALIZACIÓN

Parroquia

Santa María de Sacos

Lugar

O Adro

## Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 541698 Y: 4707187

## Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.493929 O

Latitude: 42.514006 N

